



NOTIFICACIÓN

Órgano: Alcaldía

Día do acordo: 10-09-2025

De orde da Alcaldía, remítolle o Decreto núm 205/2025 que se copia literalmente deseguido:

DECRETO DA ALCALDÍA:

Antecedentes administrativos

Acordo do Pleno do día 28/06/2023 no que se regula a periodicidade dos plenos ordinarios do Concello.

Motivación da urxencia da sesión

A proximidade do prazo para presentar a certificación do acordo adoptado polo Pleno do concello solicitando a inclusión no POS+Adicional 2/2025 de novos investimentos financeiramente sostíbeis non incluídos no Plan Complementario

Lexislación aplicable

Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais,

Esta Alcaldía

RESOLVE:

Primeiro: Convocar a sesión extraordinaria urxente do pleno, que se celebrará o vindeiro día 11 de setembro de 2025 as 20:30 horas, no salón de sesións do concello, en primeira convocatoria. No caso de non se lograr o quórum necesario a sesión quedará convocada para a mesma hora dous días hábiles despois.

Segundo: Establecer como ORDE DO DÍA, os seguintes puntos:

1. Aprobar se procede a ratificación da urxencia da presente convocatoria.
2. Participar na segunda fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+AD2b-SOLICITUDE/2025 da Deputación Provincial da Coruña.

Asinado dixitalmente polo Alcalde, Alberto Rey Paz, do que eu Secretario do concello, Ignacio Hipólito Domínguez Simóns dou fe.

CONCELLO DE CERDIDO